

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 15
Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques

Submedida 15.1
Pagamento por compromisos silvoambientais e climáticos

Operación 15.1.1
Pago por eliminación de masas de Eucalyptus sp



Índice

1.	<u>Medida 15. Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques</u>	3
1.1.	<u>Submedida 15.2 Apoio á conservación e o fomento de recursos xenéticos forestais</u> ..	3
1.1.1.	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	3
1.1.2.	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
1.1.3.	<u>Como se outorga a axuda?</u>	4
1.1.4.	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	4
1.1.5.	<u>Que requisitos se deben de cumprir para recibir a axuda?</u>	4
1.1.6.	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
1.1.7.	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	6
1.1.8.	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	6
1.1.9.	<u>Marco normativo</u>	6
1.1.10.	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1. Medida 15. Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques

Esta medida responde á necesidade de conservación e revalorización do patrimonio natural de Galicia, incluíndo actividades para desenvolver variedades de especies forestais capaces de adaptarse ás condicións locais específicas ou cambiantes, a fin de asegurar que os bosques contribúan plenamente ao conxunto dos obxectivos ambientais, climáticos e sociais.

Esta axuda artícuase a través das seguintes submedidas:

- ✓ Submedida 15.1: Pagamento por compromisos silvoambientais e climáticos
 - Operación 15.1.1: Pago por substitución de masas de Eucalyptus sp.
 - Operación 15.1.2: Pago por eliminación de masas de Eucalyptus sp en hábitats de turbeiras e querogais húmidos.
- ✓ Submedida 15.2: Apoio á conservación e o fomento de recursos xenéticos forestais

1.1. Submedida 15.1 Pago para os compromisos silvoambientais e climáticos

En virtude desta submedida, concederanse axudas para compensar perdas de ingresos e custos adicionais a aqueles titulares forestais que adquiren compromisos voluntarios, máis alá dos requisitos legais obrigatorios, na xestión ou uso dos montes, que favorezan a súa conservación e a provisión de servizos ambientais por parte dos mesmos.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

A operación ten por obxecto a substitución de eucalipto por frondosas de crecemento lento e de carácter autóctono, coa finalidade de fomentar o aumento superficial dos bosques autóctonos.

Para fomentar esta substitución compensarase aos propietarios públicos ou privados pola adopción de compromisos tendentes a substituír a devandita especie.

Son requisitos específicos desta operación:

- ✓ Substitución de eucalipto por frondosas de crecemento lento (Quercus sp e Betula alba), nas zonas I e II das ZEC das áreas de montaña establecidas no artigo 14 do Decreto 37/2014, de 27 de marzo.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios desta axuda os titulares forestais públicos o privados e outros organismos públicos e de dereito privado, así como as súas asociacións.

No caso de montes pertencentes á Comunidade Autónoma, só poderá concederse axuda cando o organismo que xestione os ditos terreos sexa un organismo privado ou un municipio.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda outorgarase a través da convocatoria de subvencións destinadas á compensación dos gastos ou pola perda de ingresos como consecuencia da subscrición de compromisos silvoambientais ou climáticos. Os compromisos adquiridos contraeranse por un período de 5 anos prorrogables por un ou dous anos máis, condicionado, neste último caso, a que esta medida se inclúa no próximo período de programación.

A axuda aprobase por un período de 5 anos para compensar a totalidade ou parte dos custos adicionais e/ou as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. Os pagos realizaranse anualmente.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Consideraranse gastos subvencionables todos ou parte das perdas de ingresos así como os custos adicionais como consecuencia dos compromisos subscritos.

A superficie indemnizable determinarase a partir da superficie efectivamente sometida a restricións ou limitacións.

En ningún caso realizaranse pagos por hectárea derivados da soa inclusión dunha determinada superficie nun espazo protexido.

Non se consideran subvencionables as limitacións ou restricións á xestión procedentes da modificación da normativa aplicable ou de novos instrumentos de planificación aprobados.

1.1.5. Que requisitos se deben de cumprir para recibir a axuda?

Consideraranse indemnizables as perdas de ingresos e os custos adicionais derivados dos compromisos adquiridos en relación coa substitución de eucaliptos por frondosas (*Quercus* sp e *Betula alba*). Estes compromisos supoñen unha maior exigencia que os determinados pola normativa vixente, en relación cos aproveitamentos e usos forestais.

Só se considerarán indemnizables as perdas de renda e os custos adicionais derivados de actuacións realizadas en áreas incluídas nas zonas I e II das áreas de montaña da Rede Natura 2000, con especial atención á ZEC ES1110003 Fragas do Eume, como medida para manter e mellorar o bosque atlántico, tendo en conta ademais que este espazo conta tamén coa figura de parque natural.



Non se consideran elixibles a substitución de eucaliptos naqueles terreos onde foran implantados sen a preceptiva autorización ou aqueles que están dentro do período de mantemento dunha medida de forestación.

O beneficiario das axudas deberá asumir os seguintes compromisos durante a operación:

- ✓ Realizar o cambio da especie na superficie comprometida. En caso de non considerar procedente unha rexeneración natural, a nova plantación, unha vez realizada a corta das especies alóctonas, producirase nun prazo máximo de 1 ano.
- ✓ Se na plantación alóctona orixinal existe unha cuberta procedente de rexeneración natural o suficientemente densa e adecuada ás condicións do lugar, realizará os traballos tendentes a súa mellora e consolidación.
- ✓ Utilizaranse as plantacións de especies autóctonas arbóreas máis adecuadas a cada unha das zonas de montaña.
- ✓ O material reprodutivo forestal identificarase de procedencias coñecidas e de garantía, para asegurar o crecemento adecuado da nova masa e evitar a contaminación xenética nas masas cercanas.
- ✓ Ao realizar as cortas, deixaranse en pé, se os houbera, as árbores de especies autóctonas que formen bosquetes, incluíndo pés vellos, mortos, secos ou derrubados. Esta labor debe realizarse dentro dos límites adecuados de risco fitosanitario ou de incendios.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

De acordo co artigo 49.2 del Regulamento (UE) 1305/2013 só se definirán criterios de selección se os fondos dispoñibles son insuficientes para atender a todos os posibles beneficiarios. Nese caso, poderanse aplicar, entre outros, os seguintes criterios de prioridade:

- ✓ Actuacións dirixidas á mellora do bosque atlántico de ribeira, da ZEC ES1110003 Fragas do Eume;
- ✓ Actuacións en zona 1 conforme á zonificación da rede Natura 2000 no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia;
- ✓ Porcentaxe da superficie do municipio incluído na Rede Natura 2000;
- ✓ Superficie na que se vai realizar a substitución do eucalipto;
- ✓ Certificación forestal;
- ✓ Actuacións planificadas nun instrumento de ordenación;
- ✓ Sinerxías con actuacións apoiadas coa submedida 8.5, en relación coas actuacións puntuais para a modificación da estrutura e composición dos bosques.



1.1.7. A canto ascende esta axuda?

Concederáse unha prima de 500 €/ha os primeiros cinco anos, prorrogables a outros dous con primas de 200 €/ha.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP.
- ✓ Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, no que establecen disposicións relativas á aplicación da condicionalidade.
- ✓ Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- ✓ Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- ✓ Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- ✓ Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia
- ✓ Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- ✓ Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- ✓ Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- ✓ Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.
- ✓ Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000.

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion>
- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Estratexia Española para a Conservación e o uso sustentable dos recursos xenéticos forestais (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/recursos-geneticos-forestales/rgf_estrategias_conservacion.aspx
- ✓ Plan de Activación Socioeconómica do sector forestal (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/>
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.12 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020